


A CORUÑA

O contacontos 'Kalopsia' percorre quince concellos da Coruña para achegar a UE ao público infantil

POR DSF · PUBLICADO 14/03/2024

 COMPARTIR [f](#) [X](#) [WhatsApp](#) [in](#) [Link](#)


Contacontos

Para descubrir a UE dende o espacio exterior!

De 6 a 12 anos

Con intérprete de lingua de signos



COMPARTIR

As paradas serán en **Cerceda, Narón, Carral, Dodro, Cariño, Boiro, Pontedeume, Rianxo, A Laracha, Negreira, Rois, Valdoviño, Padrón, Dumbria e Lousame**



O contacontos **Coñece Europa con Kalopsia** percorrerá quince puntos da provincia da Coruña nos vindeiros meses para achegar a Unión Europea a nenos e nenas. Esta actividade forma parte da programación que EUROPE DIRECT A Coruña ofrece aos concellos adheridos á rede **Europa no teu Concello** e poderá verse nos concellos de Cerceda, Narón, Carral, Dodro, Cariño, Boiro, Pontedeume, Rianxo, A Laracha, Negreira, Rois, Valdoviño, Padrón, Dumbria e Lousame.

Coñece Europa con Kalopsia é un obradoiro de contacontos que explica ao público infantil dunha maneira sinxela e entretida o funcionamento e valores da UE. A sesión comezará cun achegamento a algúns contos e libros infantís europeos para coñecer un pouco da tradición literaria da Unión Europea e as diferentes culturas que a compoñen.

A continuación, o público poderá escoitar a narración do libro *Kalopsia. Un planeta non tan diferente: descubre Europa desde o espacio exterior*, editado pola Representación da Comisión Europea en España. O conto está pensado para que os nenos e nenas coñezan a orixe da Unión Europea e entendan que a diversidade é un valor que nos enriquece.

Para rematar, os cativos converteranse en protagonistas e poderán xogar a formar os seus propios países e alianzas. A actividade contará con intérprete de lingua de signos para garantir a accesibilidade.

Para máis detalles sobre a asistencia é preciso contactar cos concellos. Tamén hai información

xeral na [páxina web](#).

ETIQUETAS [A Coruña](#), [Contacontos](#), [Europe Direct A Coruña](#)

Comparte este artículo

FACEBOOK

TWITTER



in



ESCRIBE TU COMENTARIO

Noticias relacionadas



A CORUÑA

Adjudicadas as obras de reurbanización da avenida da Sardiñeira



LABORAL

Concentración mañá venres, na Coruña, para esixir medidas que protexan o persoal da inspección de pesca marítima



A CORUÑA

El PP denuncia la falta de transparencia de Inés Rey "al ocultar cuánto le pagó al terrorista Joseba Sarrionandia con dinero de todos los coruñeses"



LABORAL

COGAMI inicia en A Coruña un curso de actividades auxiliares de almacén dirigido a jóvenes con discapacidad



CARGAR MAS

21NOTICIAS

[Términos y Condiciones](#) / [Política de Privacidad](#) / [Política de Cookies](#)

CONTACTO 21NOTICIAS

redaccion@21noticias.com

publicidad@21noticias.com

SÍGUENOS

